

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN
DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2007.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez
Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D. Edgar Antonio Vigo López.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día trinta de Novembro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, Don Edgar Antonio Vigo López, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste a Interventora Municipal D^a Agueda Bello Valdés e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora :

D^a Águeda Bello Valdés.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**PUNTO ÚNICO.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA,
PROPOSICIÓN RELATIVA AO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL 2008.-**

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia ven motivada polos prazos que fixa a Deputación Provincial para entregar o POS e hoxe é o último día para remitilo. Di que saben que este POS nace de obras que se tiveron que extraer de plans anteriores dos anos 2006 e 2007 e xurde cunha serie de dificultadas nos proxectos e na coordinación e no cadramento de cifras entre o montante total que proporciona a Deputación e o custo de cada un deses camiños que había que asumir de plans anteriores para non deixar abandonados a veciños e veciñas cos que se falara e se lles prometera o amaño dalgún destes viais, e froito diso demorouse bastante no tempo a elaboración do POS e hoxe ten que vir necesariamente a pleno e a urxencia é motivada fundamentalmente por isto.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na Orde do Día do asunto, sendo ratificada por unanimidade.

A continuación dáse conta da Proposición da Alcaldía de data 26 de Novembro de 2007 que transcrita di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Vista a Circular para elaborar o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal para o ano 2008 remitida pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

Vistos os proxectos técnicos das obras “Pavimentación de Camiños municipais: Tras do Río, Lameira, Campanario e Río Basante” e “Acondicionamento e pavimentación de camiños en núcleos de Fene, 2007”, elaborados polo enxeñeiro de Camiños, D. Marcelino López Méndez.

Vistos os informes emitidos polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal en relación a ditos proxectos de datas 25 de Novembro de 2007 que, transcritos din:

“Asto.: [INFORME SOBRE “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN NÚCLEOS DE FENE 2007” ELABORADO POR D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ, DE PROYFE, S.L. / Novembro de 2.007 / Importe Total: 149.198,61 €](#)”

Recibido o Proxecto do asunto o 23 de novembro de 2.007, tra-la análise do mesmo o Enxeñeiro de Camiños Municipal Lino Ameneiro Seijo emite o seguinte INFORME:

1.- O obxecto do proxecto que se informa consiste no acondicionamento (ampliación de apertura) e pavimentación de diversos viais da rede secundaria municipal de Fene.

Inclúense os seguintes: Camiño da R./ Sixto Mauriz a Formosende (Fene)

Camiño de Chamoso Alto (Fene)

Camiño de Lodeiro de Arriba (Fene)

Camiño do Trabado (Barallobre)

Camiño de Vilanova (Sillobre)

Camiño da Gándara a Buio (Sillobre)

2.- O proxecto contempla de maneira xeral a pavimentación mediante regos asfálticos para os viais agás o Camiño do Trabado (rodadura con aglomerado asfáltico) e o tramo final de Gándara a Buio (rodadura en formigón), nos que por razóns de pendente lonxitudinal unha solución de tratamentos superficiais non garantiría o funcionamento sin dano do firme durante un prazo temporal adecuado, o que segue o criterio habitualmente empregado pola Corporación de Fene con anterioridade en canto a tipo e calidade de materiais na rodadura.

Para cada un dos viais caben as seguintes observacións:

2.1.- Camiño de Sixto Mauriz a Formosende (Fene).

Este vial, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 535, e titularidade privada, sitúase en solo urbano consolidado entre áreas de normas zonais U-2 con previsión de largura total segundo PXOM de 8,00 m.

No proxecto considérase a actuación nunha lonxitude de 128 m dende a intersección coa Rúa do Doctor Sixto Mauriz con pavimentación da franxa central de 6,00 m a base de DTS. A actuación non considera toda a lonxitude prevista do vial recollido no PXOM/Rev. 98 senón só o tramo máis próximo á citada Rúa Doctor Sixto Mauriz.

Como condición previa para a actuación requeriase, obviamente, a cesión do dominio público ao Concello coas condicións que ao respecto estableza a Secretaría Municipal en canto a garantir a titularidade pública do solo sin posibilidade de reversión.

Si ben a ocupación total prevista na planta en canto a largura é a recollida no PXOM/Rev 98, 8,00 m, para o que se procederá ao retranqueo de certos peches afectados, debo facer unha observación respecto da actuación proxectada na intersección coa Rúa Doctor Sixto Mauriz.

O proxecto, adaptado na planta ao PXOM/Rev. 98, non considera adecuadamente a situación en planta e cota dos edificios existentes no inicio do vial xa que non ten en conta que o edificio existente no extremo N-R posúe en planta baixa un garaxe con acceso dende a Rúa Doctor Sixto Mauriz e cota superior á da calzada actual.



Inicio do Camiño de Sixto Mauriz a Formosende en vista dende o extremo Norte, amosando os edificios existentes. En primeiro plano, calzada da Rúa Doctor Sixto Mauriz. Nov. de 2.007

Requerirase realizar un axuste da rasante no extremo Norte con posible murete de recalce do lateral Oeste da vivenda ubicada no extremo N-E e reposición de rampla de acceso a garaxe e do peche fronto-lateral da devandita parcela.

En opinión do funcionario que suscribe, resulta axeitado dispoñer pavimento asfáltico ao existir este mesmo material na Avda do Doutor Sixto Mauriz (CP-T1503) coa que enlaza o vial a pavimentar pero tanto a calidade da rodadura como os maiores prazos de vida útil e a

conveniencia de empregar pavimentos sin material superficial solto que pode acabar chegando á Avda. Doutor Sixto Mauriz aconsellaría ir a capas de rodadura constituídas por aglomerado asfáltico en lugar dos regos superficiais aínda que nunha primeira actuación de apertura a solución de DTS resultará válida e máis económica.

Ao mesmo tempo, ao estar en solo urbano consolidado a actuación de urbanización completa na rúa debe tender a unha ocupación total dispoñendo beirarrúas e a totalidade dos servizos urbanos, o que non se considera no proxecto no que únicamente se dispón a franxa central de pavimento de DTS con cunetas laterais sin beirarrúas.

Só pode resultar admisible a actuación, a efectos de adaptación ao PXOM/Rev. 98, si se considera coma unha primeira fase de urbanización á que posteriormente se engadirán os servizos urbanos e beirarrúas.

Mesmo con esta consideración debe facerse constar que no fronte das vivendas que se ven afectadas a solución de cuneta frontal é pouco adecuada xa que dificulta o acceso aos edificios polo que necesariamente haberán de dispoñerse os correspondentes tubos salvacunetas e pavimentación ata as fachadas.

Estas unidades non están suficientemente consideradas no proxecto (só figuran 6,00 m na medición) que se analiza de maneira que, ou ben se inclúen nunha modificación do documento, ou haberá de preverse a súa execución con cargo á partida de imprevistos do presuposto, xa que en solo urbano resultaría inadmisibile a disposición de cunetas abertas no fronte dos edificios que ademais de molestas para os peóns impedirían accesos cómodos e seguros ás edificacións.

2.2.- Camiño de Chamoso Alto (Fene).

Este vial recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 505, e titularidade privada, sitúase paralelo á Avda. da Porta do Sol (Estrada Nacional FE-14), na súa totalidade en solo urbano consolidado entre áreas de norma zonal LM (Norte e Oeste) e outra U-2 (Leste), con previsión de largura total segundo PXOM/98 de 9,00 m e afectando parcialmente a varias construcións existentes.

No proxecto considérase a actuación nunha lonxitude total de 340 m (130 m en solo urbano + 210 m en S.R.A.U.) con pavimentación dunha franxa central de 7,00 m no tramo urbano e a adaptación ao ancho existente (< 5 m) no tramo en rústico, a base de DTS en toda a lonxitude.

Como condición previa para a actuación requírese, obviamente, a cesión do dominio público ao Concello coas condicións que ao respecto estableza a Secretaría Municipal en canto a garantir a titularidade pública do solo sin posibilidade de reversión.

A ocupación total prevista na planta é a recollida no PXOM/Rev 98 por canto se refire á beira Leste, adaptándose nas beiras Norte e Oeste ás edificacións existentes, que seguirán quedando fóra de ordenación. No tramo Norte requírese a demolición de dúas pequenas construcións existentes.

Proxéctase unha pavimentación mediante DTS e rego de selado con cunetas laterais sin beirarrúas.

Por tratarse de solo urbano só pode resultar admisible a actuación, a efectos de adaptación ao PXOM/Rev. 98, si se considera coma unha primeira fase de urbanización á que posteriormente se engadirán os servizos urbanos e beirarrúas.

2.3.- Camiño de Lodeiro de Arriba (Fene)

Este vial, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 502 e titularidade municipal, sitúase parcialmente en solo urbano consolidado de norma zonal U-2 (30 m), coa maior parte en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) e un tramo final de só 8 m na franxa de protección de Autovía (PA) por afección á Autopista de Acceso Norte a Ferrol por Fene, Neda e Narón, prolongación da AP-9, con previsión de largura total segundo PXOM/98 de 9,00 m en solo urbano mentras que en S.R.A.U. non figura largura específica.

No tramo que discorre por S.R.A.U. o PXOM non establece unha largura específica para o mesmo polo que no proxecto se segue o criterio de ir a oito (8) m de largura total de ocupación, seguindo as previsións da maior parte dos viarios similares do plan xeral.

No proxecto considérase a actuación nunha lonxitude total de 260 m con pavimentación dunha franxa central de 7,00 m no tramo urbano e 6,00 m en solo rústico, a base de DTS en toda a lonxitude.

2.4.- Camiño do Trabado (Barallobre)

Este vial, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 147 e titularidade municipal, sitúase parcialmente en solo urbano consolidado de norma zonal U-2 (50 m), coa maior parte, 108 m, en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.), con previsión de largura total segundo PXOM/98 de 8,00 m en U-2 e en S.R.A.U.

No proxecto considérase a actuación nunha lonxitude total de 158 m con pavimentación mediante aglomerado asfáltico dunha franxa central de 6,00 m e cunetas laterais.

2.5.- Camiño de Vilanova (Sillobre)

Este vial, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 265 e titularidade municipal, está previsto no PXOM/Rev. 98 cunha largura de 9,00 m e na actualidade xa dispón de varios servizos urbanos e unha pavimentación mediante firme de zahorra.

No extremo Leste de conexión coa Avda. Doutor Sixto Mauriz discorre ao longo de 45 m por Solo Urbano / Norma Zonal Unifamiliar U-2 do PXOM/Rev. 98, entrando despois na franxa de Solo de Protección da Autovía (P.A.) e discorrendo baixo o Viaduto de Vilanova da Autopista de Acceso Norte a Ferrol prolongación da AP-9.

Trátase dun vial xa existente no que se proxecta unicamente a pavimentación mediante un tratamento superficial asfáltico *“ata amplia-lo ancho que marca o P.X.O.M. do Concello de Fene, así coma a demolición de obras de fábrica, tales coma muros e balados, ata ampliar, sempre que sexa posible, a sección marcada”* segundo se manifesta no proxecto.

Dado que existe afección á vertical da Autopista e ás parcelas situadas baixo o Viaduto de Vilanova que segundo previsto no Art. 21.1 da Lei 25/1988, de 29 de xullo de Carreteras (estatal) e 74 do seu Regulamento poderían ter sido expropiadas pola autopista, deberá obterse a correspondente autorización do organismo afectado para a execución das obras proxectadas.

2.6.- Camiño da Gándara a Buio (Sillobre)

Este vial, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 209 e titularidade privada, con desembocadura na Estrada Provincial CP-1503 sitúase totalmente en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) sin previsión específica de largura.

No proxecto considérase a actuación nunha lonxitude total de 162 m con pavimentación no tramo inferior mediante aglomerado asfáltico dunha franxa central de 6,00 m e no superior con pavimento de formigón ademais de formar cunetas laterais.

2.7.- Deben completarse os planos de servizos nos viais nos que se inclúan.

3.- Exposto o anterior o Proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais básicos requeridos no Art. 124 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e no Regulamento Xeral da L.C.A.P. en canto a memoria xustificativa e anexos, planos, prego de condicións, presuposto, estudio de seguridade e saúde, etc.

4.- En resume e a partir do indicado o proxecto infórmase favorablemente con carácter previo e dentro das competencias municipais en canto á adaptación xeral dos viais proxectados ao PXOM/Rev. 98 en tódolos casos nos que os trazados están previstos no Plan Xeral vixente e non supoñen novas aperturas senón consolidación e pavimentación dos actuais, coas consideracións condicionantes do punto 2.1 relativas á zona de intersección do Camiño de Sixto Mauriz a Formosende coa Rúa Doctor Sixto Mauriz en canto á necesidade de manter o acceso á vivenda existente con fronte a Sixto Mauriz e garantir a estabilidade da edificación.

Faise constar que nos casos de Solo Urbano as actuacións só poden resultar admisibles, a efectos de adaptación ao PXOM/Rev. 98, si se considera coma unha primeira fase de urbanización en cada vial á que posteriormente se engadirán os restantes servizos urbanos inexistentes ou non contemplados e beirarrúas.

5.- Reitérase a necesidade de obtención dos terreos afectados polas obras, tanto nos casos das titularidades actuais privadas citadas como nos de titularidade pública con ampliación da traza, sin o que non será posible realizar a acta previa de replanteo nin a ocupación dos terreos necesarios para a execución.

6.- Finalmente, e resumindo o indicado en canto a afeccións dos viais afectados a outras Administracións, a aprobación definitiva municipal só procederá tra-la tramitación e autorización das seguintes Administracións e organismos por razón de competencia:

Organismo / Administ	Vial	Causa de afección
Deputación Provincial	Camiño da R./ Sixto Mauriz a Formosende (Fene)	Intersección coa CP-T1503
Deputación Provincial	Camiño da Gándara a Buio (Sillobre)	Intersección coa CP-T1503
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia	Camiño de Chamoso Alto (Fene)	Intersección coa FE-14 (ant. N-651)
Autopistas del Atlántico	Camiño de Lodeiro de Arriba (Fene)	Afección á franxa de Protección da Autovía (PA) do tramo final do vial
Autopistas del Atlántico	Camiño de Vilanova (Sillobre)	Afección á franxa de Protección da Autovía (PA) e actuación baixo o Viaduto de Vilanova

Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: TRAS DO RÍO, LAMEIRA, CAMPANARIO E RÍO BASANTE” ELABORADO POR D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ, DE PROYFE, S.L. / Novembro de 2.007 / Importe Total: 119.700,10 €**

Recibido o proxecto do asunto o 23 de novembro de 2.007, tra-la análise do mesmo o Enxeñeiro de Camiños Municipal Lino Ameneiro Seijo emite o seguinte INFORME:

1.- O obxecto do proxecto que se informa consiste na pavimentación de diversos viais da rede secundaria municipal de Fene.

Inclúense os seguintes: Camiño de Tras do Río (Barallobre)
Camiño de Lameira (Maniños)
Camiño do Campanario ó Cemiterio (Limodre)
Camiño do Río Basante ó Redondo (Magalofes)

2.- O proxecto contempla de maneira xeral a pavimentación mediante regos asfálticos de DTS + rego final superior de selado para os catro viais o que segue o criterio habitualmente empregado pola Corporación de Fene con anterioridade en canto a tipo e calidade de materiais na rodadura.

Para cada un dos viais caben as seguintes observacións:

2.1.- Camiño de Camiño de Tras do Río (Barallobre).

Este vial, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 525 e titularidade municipal sitúase en solo clasificado como urbano consolidado entre áreas de normas zonais LM e U-2 con previsión de largura total segundo PXOM/Rev. 98 variable entre 6,00 e 12,00 m (aínda que no aptdo. 3.1 da Memoria se fai referencia a 10 metros, que debe ser correxida a 12,00 m).

A realidade da ocupación en planta segundo PXOM/Rev. 98 amosa unha importante afección de elementos constructivos para chegar ás anchuras previstas citadas, dende edificacións ata un lavadeiro, peches de parcelas mediante fábricas e mesmo postes eléctricos, de alumeados e telefónicos.

Por outra parte, da topografía e comprobado in situ como se documenta nas fotografías seguintes, tamén se aprecia a importante diferenza entre a rasante do centro do vial actual e das parcelas colindantes no tramo N-E de 12 m de largura na intersección coa Rúa Pablo Ares Feal, que chega a ser duns 3 metros, o que na práctica fai que sin realizar a execución de contención de terras, non se poderá proceder a ocupar o ancho previsto xa que se xeneraría inestabilidade dos taludes verticais e dos elementos sobre os mesmos.

A fotografía inferior F1 amosa a realidade topográfica na que se aprecia a imposibilidade física de execución da planta do proxecto debido ao desnivel existente entre os planos dos dous viais actuais.



F1.- Vista da intersección do C. Tras do Río coa Rúa Pablo Ares Feal amosando o desnivel existente entre rasantes que imposibilita a pavimentación continua do enlace sin proceder a unha aproximación previa de rasantes.

Apréciase ademais que a rasante actual do camiño na zona de 12 m de largura está condicionada non só pola do vial co que debe conectar senón polos accesos a parcelas ás que serve (ver F1 e F2), algunhas con vivendas existentes.


Xunto ao anterior, a propia falta de coherencia da aliñación prevista no PXOM/Rev. 98 que non respeta os peches consolidados e irregulariza unha traza que debería ser recta a tramos fai de imposible adaptación da planta do proxecto, á realidade física existente.

De feito a ocupación en planta proxectada (plano 3.1) non afecta a varias das construcións que están en situación de fóra de ordenación/aliñación senón que se limita a ocupar fundamentalmente a traza de aparencia pública entre peches e construcións.

A todo o anterior engádese a existencia dun elemento público fóra de ordenación cal é o lavadeiro actualmente sin uso que ocupa a maior parte da sección transversal no punto de emprazamento e que non cumpre ningunha función amosando un estado de total abandono (ver F4) ao tempo que a canalización do regato fai que non se disfrute do fluído superficial que se podería recuperar.



F2.- Vista central do C. Tras do Río amosando o desnivel existente parcelas da esquerda e rasante, co lavadeiro ao fondo en situación de fóra de ordenación.



F3.- Detalle de talude e descalzado de peche actual de parcela superior que requerirá estabilización e construción de contención previa ao desmorte para ocupación do largo total.



F4.- Detalle do interior do lavadeiro amosando o estado de total abandono e inutilización. (estado a data 11/agosto/2.005).

En resume, pode resultar axeitado prever a disposición de pavimento asfáltico ao existir este mesmo material na Rúa Pablo Ares Feal coa que enlaza o vial a pavimentar aínda que debe facerse a mesma observación que a apuntada para outros viais en solo urbano en canto a que tanto a calidade da rodadura como os maiores prazos de vida útil e a conveniencia de empregar pavimentos sin material superficial solto aconsellaría ir a capas de rodadura constituídas por aglomerado asfáltico en lugar dos regos superficiais.

Ao mesmo tempo, ao estar en solo urbano consolidado a actuación de urbanización completa na rúa debería tender a unha ocupación total dispoñendo beirarrúas, o que non se considera no proxecto no que únicamente se dispón unha pavimentación total con DTS + selado e cunetas laterais sin beirarrúas.

Só pode resultar admisible a actuación si se considera coma unha primeira fase de urbanización á que posteriormente se engadirán os servizos urbanos e beirarrúas ata completar a urbanización.

Ademais o retranqueo de postes de electricidade e alumeadado, en aplicación do propio PXOM/Rev. 98 e da LOUPMRG debería realizarse soterrando todos os conductores afectados.

Sen embargo no proxecto non se consideran unidades imprescindibles de execución previa á pavimentación como a execución de muros de contención das parcelas de cota superior, ou a demolición do lavadeiro actual que ocupa boa parte da calzada e que, en caso de mantelo, impediría a ocupación real da calzada con risco de inseguridade para o tráfico rodado.

Polo tanto, o capítulo do proxecto relativo a este camiño debe informarse negativamente en canto ás previsións de actuación que resultan imposibles sin unha resolución previa do desnivel entre rasantes e a execución das necesarias contencións das parcelas superiores respecto do camiño, o que, pola importancia da obra, non se pode acometer só con cargo á partida de imprevistos, que resultaría moi insuficiente, agás que pola Corporación Municipal se admita unha ocupación inicial que afecte á traza proxectada pero con pavimentación exclusiva dunha franxa central do vial.

Propónse ademais que se considere a demolición do lavadeiro coa recuperación do cauce ao aire mediante un canle de base e lateral de escolleira e mesmo se analice a conveniencia de realizar un estudo de detalle para revisar as aliñacións do camiño no tramo de 12 m de anchura segundo PXOM/Rev. 98 adaptándoas á realidade dos peches de fábrica consolidados para regularizar as liñas en tramos rectos.

2.2.- Camiño de Lameira (Maniños)

Este vial de 390 m de lonxitude, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 416 e titularidade municipal, sitúase entre a Rúa da Brea e a Estrada da Palma (Estrada Autonómica AC-133 Fene-Mugardos) parcialmente en solo urbano consolidado de norma zonal U-2 (170 m), coa maior parte en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) no que se inclúe o paso baixo a liña de FF.CC. Betanzos - Ferrol, con previsión de largura total segundo PXOM/98 de 8,00 m (pavimentación non superior a 6,00 m) en todo o percorrido agás no punto de paso baixo o F.CC.

2.3.- Camiño do Campanario ó Cemiterio (Limodre).

O Camiño do Campanario ó Cemiterio en Limodre, recollido no Inventario de Bens Municipais co Nº 351 e titularidade municipal, sitúase en canto ao tramo de actuación, de 235 m de lonxitude, en solo rústico, entre S.R.E.P.A. e S.R.A.U., prevéndose no PXOM/Rev. 98 unha largura total de ocupación de 8,00 m.

Por outra parte, a aprobación do Plan Sectorial de Incidencia Supramunicipal no que se incluiu o gasoduto de REGANOSA entre Mugardos e As Pontes esixe a transformación da franxa de afección do mesmo en Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (sin adaptación ou modificación actual requirida do PXOM/Rev. 98).

Proxéctase para o camiño un firme a base de DTS, con cunetas laterais ata 8,00 m de ocupación total e 6,00 de franxa central pavimentada.

O proxecto axústase de maneira sensible ás previsións do PXOM/Rev. 98 en canto á largura e o material e tipo de pavimento resulta o empregado habitualmente polo Concello nos camiños en solo rústico.

2.4.- Camiño do Río Basante ó Redondo (Magalofes).

O Camiño do Río Basante ó Redondo en Magalofes (nos planos 2.4 e 3.4 figura emprazamento en Maniños, o que debe ser correxido) non aparece recollido no Inventario de Bens Municipais e aínda que na cartografía de base do planeamento parece figurar unha

traza mínima de sendeiro paralelo ao cauce do Río Magalofes non consta polo tanto a titularidade.

Discorre entre solo urbano (U-1, U-2 e Parque Público PP) e Solo Rústico prevéndose no PXOM/Rev. 98 unha largura total de ocupación de 8,00 m.

Sen embargo, a ocupación e actuación recollida no proxecto inclúe unicamente una franxa de 110 m de lonxitude e largura moi reducida de 3 m, sin funcionalidade de conexión hacia o Redondo e con afección á zona de servidume e policía de cauce do Río Magalofes.

3.- Exposto o anterior o Proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais básicos requeridos no Art. 124 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e no Regulamento Xeral da L.C.A.P. en canto a memoria xustificativa e anexos, planos, prego de condicións, presuposto, estudio de seguridade e saúde, etc.

4.- En resume e a partir do indicado o proxecto infórmase favorablemente con carácter previo e dentro das competencias municipais en canto á adaptación xeral dos viais proxectados ao PXOM/Rev. 98 en tódolos casos nos que os trazados están previstos no Plan Xeral vixente e non supoñen novas aperturas senón consolidación e pavimentación dos actuais, coas consideracións condicionantes do punto 2.1 relativas á zona de intersección do Camiño de Tras do Río coa Rúa Pablo Ares Feal. Polo tanto e polo que se refire ao Camiño de Tras do Río (Barallobre) o informe só pode resultar favorable en canto á ocupación prevista, facendo constar as observacións de imposibilidade práctica de execución segunda planta prevista no proxecto agás execución previa de muros de contención, adaptación de rasantes na intersección, conveniencia de demolición do lavadeiro, etc., citadas no apartado 2.1.

Faise constar que nos casos de Solo Urbano as actuacións só poden resultar admisibles, a efectos de adaptación ao PXOM/Rev. 98, si se considera coma unha primeira fase de urbanización en cada vial á que posteriormente se engadirán os restantes servizos urbanos inexistentes ou non contemplados e beirarrúas.

5.- Reitérase a necesidade de obtención dos terreos afectados polas obras nos casos das titularidades actuais privadas, sin o que non será posible realizar a acta previa de replanteo nin a ocupación dos terreos necesarios para a execución.

6.- Finalmente, e resumindo o indicado en canto a afeccións dos viais afectados a outras Administracións, a aprobación definitiva municipal só procederá tra-la tramitación e autorización das seguintes Administracións e organismos por razón de competencia:

Organismo / Administración	Vial	Causa de afección
Consellería de Política territorial, Obras Públicas e Transportes / Estradas. Augas de Galicia.	Camiño de Tras do Río (Barallobre)	Intersección coa Rúa Pablo Ares Feal (AC-133, tramo antigo fóra da traza principal actual). Actuación na beira do regato do Bispo.
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes / Estradas. ADIF	Camiño de Lameira (Maniños)	Intersección coa Estrada Autonómica AC-133 Fene-Mugardos. Paso baixo a liña de FF.CC. Betanzos – Ferrol.
Deputación Provincial Augas de Galicia	Camiño do Río Basanta ó Redondo (Magalofes)	Intersección coa CP-3503. Afección á zona de servidume e policía de cauce do Río Magalofes.
Reganosa	Camiño do Campanario ó Cemiterio (Limodre)	Paso sobre a conducción do gasoduto.

Vista a Nota Informativa de Secretaría núm. 42/2007 de data 27 de Novembro de 2007 que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

42/2007

Téndose incluído na orde do día da sesión extraordinaria convocada polo Sr. Alcalde-Presidente a celebrar polo Pleno do Concello a celebrar o día 30 de novembro o asunto relativo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2007, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro á Secretaría da Corporación, por esta Secretaría fánse as seguintes observacións:

Documentación examinada:

- Proxectos técnicos: “Proxecto de pavimentación de camiños municipais: Tras do Rio, Lameira, Campanario e Rio Basante”; “Proxecto de acondicionamento e pavimentacións de camiños en cúcleos de fene 2007”
- Informes do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal relativos a ditos proxectos de datas 25 de novembro de 2007.

CUESTIÓN PREVIA

Con carácter previo ao que se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame dos proxectos e dos informes do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal emitidos en relación aos mesmos, pois a documentación examinada entregóuse nesta Secretaría o día de onte o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que as consideracións que seguen poden ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas.

1.- Os proxectos técnicos examinados son redactados por D. Marcelino López Méndez, de PROYFE,S.L..Non consta contrato de consultoría e asistencia para a elaboración dos citados proxectos.

O artigo 196 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas establece que:

“ 1.- Los contratos de consultoría y asistencia y los de servicios que celebre la Administración se regirán por la presente Ley.

2.- Son contratos de consultoría y asistencia aquellos que tengan por objeto:

a) Estudiar y elaborar informes, estudios, planes, anteproyectos, proyectos de carácter técnico, organizativo, económico o social, así como la dirección, supervisión y control de la ejecución y mantenimiento de obras, instalaciones y de la implantación de sistemas organizativos.

b) Llevar a cabo, en colaboración con la Administración y bajo su supervisión, las siguientes prestaciones:

1ª Investigación y estudio para la realización de cualquier trabajo técnico.

2ª. Asesoramiento apr la gestión de bienes públicos y organización de servicios del mismo carácter.

3ª. Estudio y asistencia en la redacción de proyectos, anteproyectos, modificación de unos y otros, dirección, supervisión y control de la ejecución y mantenimiento de obras e instalaciones y de la implantación de sistemas organizativos.

4ª. Cualesquiera otras prestaciones directa o indirectamente relacionadas con las anteriores y en las que también predominen las de carácter intelectual, en particular los contratos que la Administración celebre con profesionales, en función de su titulación académica, así como los contratos para el desarrollo de actividades de formación del personal de las Administraciones públicas

Polo que respecta ós requisitos de capacidade e compatibilidade dispón o artigo 197.1 do citado texto legal que:

“ 1. En estos contratos, además de las condiciones generales exigidas por esta ley, las empresas adjudicatarias deberán ser personas físicas o jurídicas cuya finalidad o actividad tenga relación directa con el objeto del contrato, según resulte de sus respectivos estatutos o reglas fundacionales y se acredite debidamente y disponer de una organización con elementos personales y materiales suficientes para la debida ejecución del contrato.”

E o artigo 202 esixe que ao expediente de contratación deberá incorporarse un informe do servizo interesado na celebración do contrato, no que se xustifique debidamente a insuficiencia, a falta de adecuación ou a conveniencia de non ampliación dos medios persoais e materiais con que conta a Administración para cubrir as necesidades que se trata de satisfacer a través do contrato.

Polo que respecta aos procedementos e formas de adxudicación, preceptúa o artigo 208 do TRLCAP que se adxudicarán por procedemento aberto, restrinxido ou negociado, este último únicamente nos supostos sinalados nos artigos 209 e 210, prevéendose no apartado terceiro do citado artigo 208 que o concurso será a forma normal de adxudicación destes contratos, agás o establecido nos citados artigos 219 e 210.

No artigo 210 do TRLCAP recóllese os supostos nos que poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade, establecéndose entre estes supostos, os de presuposto inferior a 5.000.000 de pesetas (30.050,61 euros).

O texto legal citado no artigo 201 establece que os contratos comprendidos neste Título terán a consideración de contratos menores cando a súa contía non exceda de 2.000.000 de pesetas (12.020,24 euros), agás nos contratos a que se refire o artigo 196.3 concertados con empresas de traballo temporal nos que non existirá esta categoría de contratos.

Nos contratos menores, segundo o artigo 56 do TRLCAP, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da esixencia de proxecto cando normas específicas así o requiran.

Engade este artigo que estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

No suposto examinado, como se indicou, non ten constancia esta Secretaría da existencia de contrato de consultoría e asistencia suscrito entre o Concello e Proyfe, s.L. para a elaboración dos proxectos citados.

Cómpre ter en conta que pola Intervención municipal en data 15 de outubro de 2007, emitíuse informe de fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas derivadas, entre outras, de facturas de PROYFE S.L. por importes de 5.141,04, 4996,63, 1612,97 e 1393,90 e informouse desfavorablemente as mesmas, sinalándose, entre outras cousas que “. . O proveedor que factura, tras comprobar a contabilidade municipal do ano 2006 confirmase que foi obxecto de varias contratacións menores, polo que non cabe a contratación directa neste caso. Vulnerando neste caso os principios de acceso as licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos así como a non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos a prestar os diferentes servizos

c) Por outra banda deixando a un lado o control de legalidade da función interventora, desde unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase pola que asina o presente informe que sería igualmente moi beneficioso para o concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de car a alcanzar os obxectivos de:

a. estabilidade orzamentaria

b. control do gasto,

A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos; desde unha perspectiva económica financeira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servicios mediante ausencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.” Por Secretaría en relación ao asunto emitíuse nota informativa 35/2007 no que se sinalou, entre outras cousas que o feito de contratar sen seguir os trámites previstos no T.R.L.C.A.P. infrinxe á legalidade.

Polo exposto, á vista do sinalado no referido informe da Intervención municipal, por esta Secretaría infórmase que non cabe neste suposto a contratación menor polo que, sempre e cando se atoparan debidamente xustificadas os extremos sinalados no artigo 202 do TRLCAP, o contrato para a elaboración dos proxectos débese adxudicar a traves dos procedementos e formas de adxudicación establecidos no Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas(T.R.L.C.A.P.) de acordo cós principios de publicidade e libre concorrência, resultando, ademais que o artigo 55 do TRLCAP prohíbe a contratación verbal, ao establecer que *“La Administración no podrá contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga carácter de emergencia”*, polo que se informa que o feito de contratar sen seguir os trámites previstos no T.R.L.C.A.P. infrinxe a legalidade.

2.-En relación aos proxectos técnicos, coas limitacións propias desta nota e as sinaladas na cuestión previa da presente, fánse as seguintes observacións:

2.1.- Nos informes do enxeñeiro municipal, sinálase que os camiños incluídos nos proxectos (agás o Camiño Rio Basante ó Redondo (Magalofes)) figuran incluídos no inventario municipal, uns (o Camiño de Tras do río, Lameira, Limodre (incluídos no “proxecto de pavimentación de Camiños municipais: Tras do Río, Lamela, campanario e Río Basante”) , e Lodeiro de Arriba, Trabado e Vilanova (incluídos no “proxecto de acondicionamento e pavimentación de Camiños en núcleos de Fene 2007”) , figuran de titularidade municipal ,e outros.(camiños de Sixto Mauriz a Formosende, camiño de Chamoso Alto, e camiño de Gándara a Buio (incluídos no “Proxecto de acondicionamento e pavimentación de camiños en núcleos de Fene 2007”) figuran de titularidade privada.

Verbo do inventario de bens, por esta Secretaría infórmase, como se ten sinalado en anteriores ocasións, que o documento material que obra nesta Secretaría que leva por título “Inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta Corporación confeccionado con referencia ó 31 de decembro de 1999”, non leva ningunha dilixencia que confirme que foi o obxecto de aprobación, nin está autorizado polo Secretario da Corporación có visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, tal e como establece o artigo 32.1 do Real decreto 1732/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e as páxinas que contén non se atopan todas numeradas.

Polo tanto, dende o punto de vista formal, e sen prexuízo das consideracións, que, no seu caso, poidan facerse verbo do seu contido, cómpre informar que o documento que se atopa nesta Secretaría non ofrece garantías de autenticidade, dada a falta de dilixencia que acredite a súa aprobación e a falta de autorización polo Secretario da Corporación, polo que non constitúe unha base documental fiable polos motivos expostos, nin estar actualizado, polo se formula a oportuna advertencia e se informa da necesidade de proceder á súa actualización.

2.2.- En relación ao camiño Rio Basante ó Redondo (Magalofes)(incluído no “Proxecto de Pavimentación de Camiños Municipais: Tras do Río, Lameira, Campanario e Río Basante”) sinálase polo técnico municipal que non aparece recollido no Inventario de Bens municipais e aínda que na cartografía de base do planeamento parece figurar unha traza mínima de sendeiro paralelo ao cruce do Rio Magalofes non consta polo tanto a titularidade. En relación a este extremo, a xuízo da que subscribe, cómpre con carácter previo clarefexar a titularidade de dito camiño. De ser éste de titularidade privada, a Memoria do proxecto

debería conter o importe previsible das expropiacións necesarias, tal e como dispón o artigo 127.1 do real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

2.3.-A Memoria do proxecto de "Acondicionamento e pavimentación de camiños en núcleos de Fene 2007" non contén o importe previsible das expropiacións necesarias nos casos dos camiños de titularidade privada así como tampouco nos de titularidade pública con ampliación de traza, polo que non cumpre o disposto no artigo 127.1 do Rd 1098/2001.

2.4.- No informe do técnico municipal emitido verbo do proxecto de "Pavimentación de caminos municipais: Tras do Río, Lameira, Campanario e Río Basante", fánse no mesmo unha serie de observacións. Así, verbo do camiño de Tras do Río sinalábase, entre outras cousas que *"...Polo tanto, o capítulo do proxecto relativo a este camiño debe informarse negativamente en canto ás previsións de actuación que resultan imposibles sin unha resolución previa do desnivel entre rasantes e a execución das necesarias contencións das parcelas superiores respecto do camiño, o que pola importancia da obra, non se pode acometer só con cargo á partida de imprevistos, que resultaría moi insuficiente, agás que pola Corporación Municipal se admita unha ocupación inicial que afecte á traza proxectada pero con pavimentación exclusiva dunha franxa central do vial...."*.

En dito informe sinalábase que se informa favorablemente o proxecto con carácter previo e dentro das competencias municipais, coas consideracións condicionantes do punto 2.1 relativas á zona de intersección do Camiño de Tras do Río coa Rúa Pablo Ares Feal, sinalándose ademais que polo que se refire ao camiño Tras do Río o informe só pode resultar favorable en canto á ocupación prevista facendo constar as observacións de imposibilidade práctica de execución segunda planta prevista no proxecto agás execución previa de muros de contención, adaptación de rasantes na intersección, conveniencia de demolición do lavadeiro, etc, citadas no apartado 2.1. Á visa da imposibilidade práctica de execución do proxecto segundo planta respecto de dito camiño sinalada polo enxeñeiro municipal, a xuízo da que subscribe, deberíanse subsanar as deficiencias de acordo có sinalado no informe técnico.

2.5.- No informe técnico relativo ao "Proxecto de pavimentación de camiños municipais: Tras do Río, Lameira, Campanario e Río Basante", no seu apartado 2.1. sinalábase que debe ser corrixido o apartado 3.1 da Memoria, e no 2.4 que deben ser corrixidos os planos 2.4. e 3.4. E no informe relativo ao "Proxecto de acondicionamento e pavimentacións de camiños en núcleos de Fene 2007", no seu apartado 2.7 sinalábase que *"Deben completarse os planos de servizos nos viais nos que se inclúan"*.

2.6.-En relación á afección dos viais afectados a outras Administracións, o enxeñeiro municipal sinala en ambos informes que a aprobación definitiva só procederá tra-la tramitación e autorización das Administracións e organismos que nos mesmos se especifican. Non constan na documentación examinada as autorizacións de ditas Administracións e organismos, que entendo deben incorporarse con carácter previo á aprobación dos proxectos.

En atención ao exposto, a xuízo desta Secretaría non procede a aprobación dos proxectos técnicos anteriormente citados.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa catro (4) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o seu exame requiren un exame máis coidado, polo que as consideracións feitas poden ser ulteriormente ampliadas ou matizadas nun informe emitido de acordo có que dispón a normativa de aplicación."

PROPONSE A O PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2008 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2008, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Orzamento
"Pavimentación de Camiños municipais: Tras do Río, Lameira, Camapanario e Río Basente"	110.722,41	8.977,69	119.700,10
"Acondicionamento e pavimentación de camiños en núcleos de Fene 2007"	138.008,48	11.190,13	149.198,61
TOTAIS	248.730,89	20.167,82	268.898,71

Segundo.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2008 e que se relacionan no punto anterior.

Terceiro.- Aprobar o Plan complementario do ano 2008 no que se inclúen as obras que a continuación se indican:

Denominación da obra	Orzamento
"Mellora de beirarrúas entre Avda. do Mar e Avda. da Cooperación, (4ª Fase).	38.945,32

Cuarto.- Adoptar o compromiso de realizar as actuacións pertinentes en orde a obter a total dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras así como para obter as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2008 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2008.

Sexto.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta prodúcese efectivamente.

Sétimo.- Someter a eficacia do acordado nos apartados anteriores á condición suspensiva da aprobación polo órgano competente do Concello e da Deputación Provincial da Coruña da modificación dos proxectos das obras "Pavimentación e reurbanización de camiños municipais", incluído no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2006 e "Dotación de servizos e pavimentación en núcleos de Fene", incluído no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2007 que recolla a exclusión no primeiro das obras relativas aos camiños de Tras do Río e Sixto Mauríz a Formosente e as relativas aos camiños de Lodeiro de Arriba e Chamoso Alto no segundo.

Oitavo.- Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez, quen, unha vez concedido, manifesta que este ano van invertir preto de trescentos mil euros en camiños no POS de 2008; que este POS se fixo asumindo obras de plans anteriores que non se puideron facer no seu momento por dificultades técnicas, principalmente porque non dispoñían dos terreos, e as inclúen novamente no POS deste ano, aínda que tamén é posible que se algunha non se pode realizar por non dispor dos terreos, tamén as substituirían; di que por iso, a maior parte do investimento deste ano a tiñan comprometida coas modificacións, polo que

se inclúen catro camiños novos, que son moi demandados polos veciños e que eran prioritarios para as asociacións veciñais, e que como asumen as obras doutros anos, o investimento para o ano que ven hai que velo en conxunto e sería o POS de 2008 máis os plans anteriores modificados que serían os POS de 2006, 2007 e o PCP de 2007 e que di isto porque hai parroquias que levan unha menor inversión no POS 2008 pero o compensan con camiños que substituíron nos plans anteriores e que levarán a Pleno o próximo mes. Continúa dicindo que por todo isto o investimento para o ano que ven vai ser preto do millón de euros tras as xestións que se fixeron na Deputación para desbloquear os plans de anos anteriores; que se priorizan camiños fronte a outras obras porque son máis demandadas polos veciños e lles parecían máis urxentes e que ao longo do ano, tanto para a elaboración do orzamento, como se hai algún plan adicional da Deputación, de acordo con tódolos grupos municipais incluírían obras que non se puideron incluír e consideran importantes e que, por suposto, antes de levar os camiños a Pleno buscarán o consenso coas demais forzas políticas con representación no Concello; que as obras que van no POS deste ano son dous proxectos e o complementario, o primeiro proxecto sería “acondicionamento e pavimentación de camiños en núcleos de Fene 2007” e que iría o camiño de Sixto Mauríz a Formosente, o Camiño de Chamoso Alto, camiño de Lodeiro de Arriba en Fene, Camiño do Trabado en Barallobre, camiño volta de Vilanova, que todos estaban incluídos en plans anteriores e se inclúe como novo o Camiño da Gándara a Buio en Sillobre, sendo o orzamento de licitación de cento corenta e nove mil cento noventa e oito con sesenta e un euros. Continúa a súa intervención o Sr. José Antonio López Rodríguez e manifesta que o segundo proxecto inclúe o camiño de Tras do Río, Lameira, Campanario e Río Basante; que o de Tras do Río estaría comprometido de POS anteriores, o Camiño de Lameira en Maniños, o de Campanario ao Cemiterio en Limodre e o de Río Basante ao Redondo en Magalofes, cun orzamento de licitación de cento dezanove mil setecentos con dez euros; que a achega da Deputación e o Estado serían en total douscentos corenta e oito mil setecentos trinta con oitenta e nove euros, e a do Concello de vinte mil cento sesenta e sete con oitenta e dous euros; que o POS complementario sería a mellora de beirarrúas entre a Avda. do Mar e a Avda. da Cooperación (4ª Fase); que xa hai dúas fases aprobadas que engloban a metade dos bloques, unha terceira fase que sería tamén polo medio e que estas obras correspondería ao contorno exterior e nos orzamentos iría todo o do medio dos bloques e cun orzamento de licitación de trinta e oito mil novecentos corenta e cinco con trinta e dous euros, isto é todo o que hai do POS de 2008.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que para xustificar o seu voto respecto deste POS vanse abster por unha costume do seu grupo xa que supón non entorpecer o inicio dos expedientes para que as obras vaian adiante; que cre que as obras que se inclúen neste ano van ter os mesmos problemas que as de anos pasados; que si se ven os informes técnicos todas teñen problemas e é previsible que neste tipo de obras xurda un problema como é a falla de cesión voluntaria de terreos e que haxa que ir a unha expropiación; que en todos hai temas de autopista, de ríos, de ferrocarril, de Reganosa, que son atrancos importantes e quizáis, ao mellor, deberíase tratar de estar nunha tramitación continua, é dicir, de estar consensuando cos veciños continuamente e ter unha bolsa de camiños aí para que, no momento que xurdan problemas, poder ter algo do que botar man e que esté solucionado porque os problemas de expropiacións e de autorizacións doutros organismos van supor atrancos importantes e si non se poden executar as obras vai supor perder subvencións como xa se perdeu o do Ministerio de Administracións Públicas, e ao mesmo tempo atraso nas obras. Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que pide que o ano que ven se faga cun pouco máis de previsión e ao mesmo tempo eles tamén poder ter acceso a unha serie de documentación que, pola premura de tempo, non tiveron, o mesmo que fai constar a Secretaria no seu informe; que cren que os informes técnicos teñen bastantes atrancos, o informe xurídico da Secretaria é desfavorable pero aínda así vanse abster para que se inicie a tramitación destes proxectos; que tamén queren destacar que

efectivamente trátase un pouco de repartir as obras pero o que está claro é que a parroquia de Perlio se queda sen obras do POS do 2008 e tamén parécelle demagóxico saír á prensa anunciando que vanse gastar un millón de euros nos camiños porque non é así, xa que son obras que non se chegaron a executar, precisamente porque había unha obra antiga con problemas e agora se presenta unha obra nova e non se trata dun desbloqueo; que esas subvencións estaban concedidas e non se pode vender na prensa que o POS deste ano vai ser de un millón de euros, xa que o POS deste ano, según o que se lles pasa vai ser de douscentos sesenta e oito mil euros, se é que se chega a executar na súa totalidade; di que pide que se traten de solucionar os problemas como é substituindo obras antigas por obra nova e que esperan que a nova non teña os mesmos atrancos que as anteriores.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que coinciden tamén na premura de tempo e que espera en posteriores exercizos mellore a situación e queren darlle un voto de confianza; di que é certo que sobre a cesión de particulares é un problema co que seguirán a atoparse, e á hora de aprobar determinados camiños debería darse preferencia a aqueles onde haxa cesións; que respecto ao equilibrio tamén defende que haxa un equilibrio entre tódalas parroquias de Fene; que é verdade que a parroquia de Perlio queda en branco pero ao longo destes anos espera que haxa ese equilibrio, e que con esas matizacións vai votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que é certo que en todos estes plans, desde que hai asfalto nos camiños, onde os veciños e veciñas foron cedendo practicamente todos, agás os de nova apertura e os máis complexos, que son os que van quedando para o final, por cuestións técnicas, polo tipo de propiedade, por dificultades na xestión cos propietarios, polo que o BNG brinda a súa colaboración para resolver todas as cesións e xuntos conseguir que tódolos camiños que poidan ter dificultades que non se atasquen os proxectos. Continúa o Sr. Polo Gundín dicindo que concretando no POS 2008, entenden que é un POS de transición, no que se recollen camiños de 2007 que por distintos motivos, como quedou explicado, non se puideron executar, pero que eses que se sacan do 2007 e se trasladan ao do 2008 serán substituídos por camiños que irán en Perlio, en Fene, en Maniños e no resto do Concello cos mesmos criterios de distribución, polo que dicir que en Perlio non vai haber investimento non é así exactamente, xa que non vai haber investimento no 2008 pero probablemente saia reforzado coas substitucións que se fagan do pos do 2007; que para eles, como grupo municipal, a vontade e intención é que con ese plantexamento que indicaba o partido popular, de planificar un pouco e de ter bolsa de camiños de reserva para poder substituír e que sexa factible poder ir facendo obras e non perder cartos, eles traballarán para que haxa un plan polo menos no período de mandato de tres anos que quedan de ter unha perspectiva global de todo o Concello e de todos os investimentos e non unha perspectiva totalmente fragmentada, simplemente por parroquias, por dicir que cada parroquia leve algo, senón ver que todos os investimentos teñan unha continuidade e unha proxección e ao final dos tres anos se poida ter un proxecto global de investimentos feitos no Concello; que o seu apoio vai ser a este POS e que cre que chegando a un acordo con tódolos grupos non se debería ter demasiado problema.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto ao sinalado polo Sr. Galego Feal si é verdade que hai algúns camiños que teñen complicacións, pero é que van quedando os camiños máis complexos e toca facelos; di que con respecto a Perlio, si ben é certo que no POS de 2008 non vai ningunha partida específica, nos modificados do POS de 2006, de 2007 e no PCP van camiños para Perlio, polo que o investimento para esa parroquia vai ser igual que no resto; que sobre os cartos, se no 2006 e 2007 non se investiu e se consegue investir no 2008 preto de un millón de euros, non cre que sexa unha cousa demagóxica; que son obras que veñen de atrás, que están bloqueadas; que se fixeron as xestións para desbloquealas, e se permitiu

cambiar camiños por outros e que se investirán este ano sen máis, e que na liña que dicía o Sr. Polo Gundín, facer un proxecto global para outros anos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o que dicía era simplemente que non se vendera como novo investimento, como obra nova.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e manifesta que é certo que os camiños que se inclúen neste POS son camiños que tiveron problemas no pasado e que pode ser, como dicía o voceiro de obras, que algúns deles se volvan a atopar con problemas, pero hai camiños que non se puideron facer e que neste momento si sería posible; que aqueles que definitivamente non se poidan executar quedarían aparcados xa dos proxectos de camiños e o investimento non se perdería porque poderían ser substituídos por outros, como estanse a substituír os do 2006 e 2007. Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que hai un problema coas cesións, e que saben que ata agora se procuraba sempre que os veciños cedesen os terreos para ampliar e apertura dun camiño pero cando había un ou dos veciños que non cedían o Concello asumía neses casos o custo da expropiación dos terreos e se optaba pola vía da urxente ocupación, que se podía facer dentro dos prazos que a Deputación da para executar eses camiños e non había maior problema, pero que hoxe en día os trámites de expropiación son bastante máis duros e restrictivos; que de feito se intentou con algún destes camiños que hoxe teñen que volver ao POS, iniciar un proceso de expropiación por vía de urxencia e non foi posible porque non se atopaba dentro dos supostos legais para a declaración urxente, polo que, cando non haxa cesión dos veciños, case sempre haberá que ir a un proceso de expropiación ordinario, e isto pode demorarse como mínimo tres anos o que fai que se vaia fóra dos prazos do POS e que o camiño non se poida facer porque a Deputación retira os cartos, co cal soamente vanse poder facer na realidade os camiños nos que os veciños cedan os terreos, e que por iso di que algún dos que antes non cedían agora si o fan e pódense facer, e previsiblemente algún seguirá enrocado e haberá que cambialos ao final por outros, pero polo menos van intentar poder facelos e darlle unha nova oportunidade aos veciños de poder ter eses camiños; di que en todo caso o compromiso é para que ao longo deste ano e con calma entre todos se vaian vendo camiños e necesidades que hai no Concello e tamén entre todos ir xa negociando terreos para que tan pronto chegue un plan poder incluílos e executalos sen problemas, pero que este POS chega cando chega e non houbo ese tempo material para facelo.

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que o Concello de Fene non perdeu ningunha subvención; que tiña uns cartos concedidos para os POS dos anos anteriores; que o POS se financia con fondos do Concello, Deputación e o Ministerio de Administracións Públicas, e este dálle os cartos á Deputación que á súa vez os da ao Concello como un todo a achega do MAP e a da Deputación, e o Concello aporta o restante; que ao non ser posible facer o POS do ano pasado dentro do período contemplado inicialmente, o que pasa é que o MAP lle saca á Deputación eses cartos, que os asume directamente a Deputación, co cal o Concello segue a recibir os mesmos cartos, polo que o Concello non perdeu ningunha subvención para facer ningún camiño, iso quere que quede claro; di que con respecto á parroquia de Perlio a vontade era poder aprobar nun só pleno o POS do 2008 xunto cos modificados do 2006 e 2007 para que en conxunto se poida ver todo o que o Concello vai aprobar agora en decembro para facer o vindeiro ano, pero que non foi posible e que durante o mes de decembro celebrárase un pleno para aprobar eses modificados antes de que remate o ano e poderase ver exactamente qué camiños e obras fanse en cada parroquia; di que no esbozo inicial saben que fronte a esta parte que se vai aprobar agora correspondente ao POS 2008, no que efectivamente en Perlio non se contempla ningunha obra, nos modificados que se traerán a aprobación antes de fin de ano a este pleno si que a parroquia de Perlio cren que é a que ten maior investimento, polo que pide que se vexa como un todo e

non como isto que é unha parte dos camiños que se van facer en Fene durante o vindeiro ano, e que no investimento conxunto, a parroquia de Perlio estará tan ben tratada como o resto.

Rematado o debate, intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai que modificar a proposición da Alcaldía porque na relación de camiños que se facía a modificar de plans anteriores enumerábanse simplemente Tras do Río, Sixto Mauríz a Formosende, Lodeiro de Arriba e Chamoso Alto, que son os relativos aos POS de 2006 e 2007 pero falta incluír tamén os que se van modificar no PCP do ano 2007 polo que o apartado sétimo modifícase quedando redactado do seguinte xeito:

“Sétimo.- Someter a eficacia do acordado nos apartados anteriores á condición suspensiva da aprobación polo órgano competente do Concello e da Deputación Provincial da Coruña da modificación dos proxectos das obras “Pavimentación e reurbanización de camiños municipais”, incluído no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2006 “Dotación de servizos e pavimentación en núcleos de Fene”, incluído no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2007 e o PCP 2007 que recolla a exclusión no primeiro das obras relativas aos camiños de Tras do Río e Sixto Mauríz a Formosende, as relativas aos camiños de Lodeiro de Arriba e Chamoso Alto no segundo, e as relativas aos camiños de Trabado e de Vilanova no proxecto incluído no PCP 2007.”

A continuación, polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria a proposición da Alcaldía de data 26 de Novembro de 2007 coa modificación sinalada anteriormente, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres./as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, López Rodríguez, García Balado, López Rodríguez, Rodríguez Carballeira, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Vigo López e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declarase aprobada a Proposición da Alcaldía de data 26 de Novembro de 2007, coas modificacións anteriormente sinaladas.”

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dez horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.